

NOTA DE PRENSA

A Plataforma Cidadá Defender o Público-Salvemos a Casa da Xuventude presentará este xoves as propostas recibidas na Convocatoria de Ideas para mellorar a conexión entre a Praza do Matadoiro e o Parque de Belvís mantendo o uso sociocultural

A presentación, aberta a toda a cidadanía, será as sete e corenta e cinco da tarde na Librería Couceiro

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2015_ A Plataforma Cidadá “Defender o Público-Salvemos a Casa da Xuventude”, en colaboración coa Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos, realizou no mes de decembro unha convocatoria de ideas aberta a toda a cidadanía, para mellorar a conexión entre a praza do Matadoiro e o parque de Belvís, mantendo o edificio da Casa da Xuventude e os usos socioculturais neste lugar.

Estas propostas nacen do proceso lóxico de intervención na cidade, no que primeiro debemos analizar e coñecer o espazo de intervención, despois estudar alternativas e confrontalas coa opinión da cidadanía e por último tomar as decisións oportunas. Nos meses de novembro e decembro, a plataforma intentou dar a coñecer o edificio con mesas redondas e invitou á cidadanía a achegarse a diversos actos culturais, e a partir de aí realizouse esta convocatoria para coñecer distintas alternativas, en contraposición coa idea formulada polo Concello de Santiago, sen ningún tipo de reflexión participativa previa, de demoler o edificio existente para conectar estes dous espazos.

A presentación, aberta a toda a cidadanía, contará coa participación de representantes políticos e sociais, e nela serán presentadas tres propostas realizadas por arquitectos da cidade na que se propoñen alternativas á proposta do Concello, consistente na demolición do edificio e na reurbanización de todo o espazo baleiro, sen axustarse ao contemplado no Plan Especial para esta parcela.

A presentación das propostas será ás 19:45 horas na librería Couceiro, ubicada na praza de Cervantes.

Para calquera dúbida ou aclaración pódese contactar cos voceiros da plataforma:

Manuel Roxo 619 933 348

Jorge Duarte 662 369 853